



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Número 475
10 de maio de 2019



CSV: BOPGDSPGvagercTcG7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Designación da Ponencia en relación co Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia [159957](#)

Rexeitamento da emenda á totalidade

■ 47930 (10/PL-000013)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia [159958](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Rexeitamento da iniciativa

■ 49575 (10/MOC-000141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co réxime horario do persoal docente non universitario. (Moción consecuencia da Interpelación nº 47773, publicada no BOPG nº 446, do 21.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 29.04.2019) [159958](#)

■ 49577 (10/MOC-000142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde. (Moción consecuencia da Interpelación nº 45516, publicada no BOPG nº 430, do 13.02.2019, e debatida na sesión plenaria do 29.04.2019) [159958](#)

■ 49578 (10/MOC-000143)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos. (Moción consecuencia da Interpelación nº 19848, publicada no BOPG nº 211, do 15.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 29.04.2019) [159958](#)



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

48340 (10/PNP-003658)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o abastecemento de auga á poboación diante de posibles situacións de seca [159959](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

40520 (10/PNP-003045)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e seis deputados/as máis

Sobre o inicio polo Goberno galego, no ano 2019, da contratación dos proxectos construtivos, así como da redacción do informe de impacto ambiental, do treito A Pobra de San Xiao-Nadela da vía de altas prestacións Lugo-Monforte de Lemos [159959](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

49026 (10/PNP-003703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a elaboración e presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe referido ás denuncias ou queixas presentadas nos últimos seis anos por dificultar o uso das linguas oficiais de Galicia, o tipo de resposta ofrecida e as medidas adoptadas ao respecto [159960](#)

Rexeitamento da iniciativa

39703 (10/PNP-002965)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación co mapa escolar de Galicia, o modelo de comedores escolares e o servizo de transporte escolar [159960](#)

43406 (10/PNP-003244)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva [159961](#)



I 44919 (10/PNP-003366)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Xunta de Galicia en relación coa atención sanitaria aos pacientes transexuais e os requisitos exixidos para o seu acceso a procedementos médicos de transición, así como de recoñecemento legal da súa identidade

[159961](#)**I 48750 (10/PNP-003685)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co uso do galego nas entidades bancarias

[159961](#)**I 49208 (10/PNP-003721)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible afectación da actividade das industrias xestoras de residuos e do uso de fertilizantes agrícolas derivados das lamas da depuración na saúde da poboación e no normal estado dos solos e dos acuíferos do concello das Somozas

[159961](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Designación da Ponencia en relación co Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 9 de maio de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Designación da Ponencia

- 47930 (10/PL-000013)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia
BOPG nº 446, do 21.03.2019

G. P. Popular de Galicia (P):

Dª Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez (titular)
D. Aurelio Núñez Centeno (suplente)

G. P. de En Marea (EM):

Dª Eva Solla Fernández (titular)
Dª Flora María Miranda Pena (suplente)

G. P. dos Socialistas de Galicia (S):

D. Julio Torrado Quintela (titular)
Dª Noela Blanco Rodríguez (suplente)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Dª María Montserrat Prado Cores (titular)
Dª Olalla Rodil Fernández (suplente)

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



O Pleno do Parlamento, na sesión do 7 de maio de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da emenda á totalidade

- 47930 (10/PL-000013)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia
BOPG nº 446, do 21.03.2019

Sométese a votación a emenda á totalidade de devolución, e resulta rexeitada por 19 votos a favor, 37 votos en contra e 13 abstencións.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Rexeitamento da iniciativa

- 49575 (10/MOC-000141)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co réxime horario do persoal docente non universitario. (Moción consecuencia da Interpelación nº 47773, publicada no BOPG nº 446, do 21.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 29.04.2019)
BOPG nº 473, do 06.05.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 34 votos en contra e ningunha abstención.

- 49577 (10/MOC-000142)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde. (Moción consecuencia da Interpelación nº 45516, publicada no BOPG nº 430, do 13.02.2019, e debatida na sesión plenaria do 29.04.2019)
BOPG nº 473, do 06.05.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 34 votos en contra e ningunha abstención.

- 49578 (10/MOC-000143)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos. (Moción consecuencia da Interpelación nº 19848, publicada no BOPG nº 211, do 15.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 29.04.2019)
BOPG nº 473, do 06.05.2019



Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 1 e 4: rexeitados por 20 votos a favor, 34 votos en contra e 12 abstencións.

Puntos 2 e 3: rexeitados por 32 votos a favor, 34 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 48340 (10/PNP-003658)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o abastecemento de auga á poboación diante de posibles situacións de seca

BOPG nº 458, do 09.04.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 36 votos a favor, 20 votos en contra e 13 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar dos concellos a elaboración dos plans de emerxencia ante situacións de seca e levar a cabo as actuacións necesarias na rede municipal de abastecemento co obxecto de solucionar os problemas existentes e evitar a perda de auga en rede, de cara a estar mellor preparados ante posibles situacións de diminución dos recursos hídricos dispoñibles.
2. Instar as Deputacións provinciais a que presten apoio a aqueles municipios que carezan de recursos técnicos e económicos para a realización dos plans de emerxencia ante situacións de seca.
3. Prestar asesoramento e apoio cando así sexa requirido por parte das administracións locais na elaboración dos seus respectivos plans de emerxencia ante situacións de seca.
4. Exercer un labor de coordinación entre os plans de emerxencia municipais e o Plan de seca da demarcación hidrográfica Galicia Costa elaborado pola Administración hidráulica galega.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 40520 (10/PNP-003045)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e seis deputados/as máis



Sobre o inicio polo Goberno galego, no ano 2019, da contratación dos proxectos construtivos, así como da redacción do informe de impacto ambiental, do treito A Pobra de San Xiao-Nadela da vía de altas prestacións Lugo-Monforte de Lemos
BOPG nº 390, do 28.11.2018

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar a contratación no ano 2019 dos proxectos construtivos e de impacto ambiental do treito A Pobra de San Xiao-Nadela a fin de avanzar de forma definitiva no total desdobramento desta infraestrutura, tendo presente o desdobramento futuro do tramo Sarria-Monforte, que se abordará unha vez que se vaia materializando o tramo Sarria-Lugo.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 49026 (10/PNP-003703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a elaboración e presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe referido ás denuncias ou queixas presentadas nos últimos seis anos por dificultar o uso das linguas oficiais de Galicia, o tipo de resposta ofrecida e as medidas adoptadas ao respecto

BOPG nº 463, do 17.04.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no prazo máximo de tres meses, elabore e presente en sede parlamentaria un informe no que se detalle o número de denuncias ou queixas presentadas nos últimos seis anos ante os servizos competentes por dificultar o uso dalgunha das linguas oficiais de Galicia por parte de administracións ou entidades públicas situadas en Galicia, incluídos os órganos xudiciais, e das empresas e servizos privados, o tipo de resposta ofrecido e, de ser o caso, as medidas adoptadas para reparar a vulneración do dereito dos cidadáns á libre elección de lingua.»

Rexeitamento da iniciativa

- 39703 (10/PNP-002965)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación co mapa escolar de Galicia, o modelo de comedores escolares e o servizo de transporte escolar

BOPG nº 383, do 14.11.2018



Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

- 43406 (10/PNP-003244)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva

BOPG nº 417, do 23.01.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: rexeitado por 20 votos a favor, 36 votos en contra e 13 abstencións.

Puntos 2 e 3: rexeitados por 33 por votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

Punto 4: rexeitado por 19 votos a favor, 36 votos en contra e 14 abstencións.

Punto 5: rexeitado por 6 votos a favor, 36 votos en contra e 26 abstencións.

- 44919 (10/PNP-003366)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Quintero Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Xunta de Galicia en relación coa atención sanitaria aos pacientes transexuais e os requisitos exixidos para o seu acceso a procedementos médicos de transición, así como de recoñecemento legal da súa identidade

BOPG nº 427, do 06.02.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

- 48750 (10/PNP-003685)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co uso do galego nas entidades bancarias

BOPG nº 458, do 09.04.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

- 49208 (10/PNP-003721)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible afectación da actividade das industrias xestoras de residuos e do uso de fertilizantes agrícolas derivados das



lomas da depuración na saúde da poboación e no normal estado dos solos e dos acuíferos do concello das Somozas

BOPG nº 466, do 24.04.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

